

# Onstopus

**Xornal:** anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

Nº44/ Ano: 2022 / 1º xornal Mes de febreiro / Estado de continuación 6ª onda

Para comunicar con Onstopus: [tinopardellas1957@gmail.com](mailto:tinopardellas1957@gmail.com) / [celestinopardellas@gmail.com](mailto:celestinopardellas@gmail.com)



Nos meses de xaneiro e febreiro mandáronos fotos de cogomelos en Ons. Que pena que Parques non organizara unha excursión lúdico-didáctica-micolóxica a esta Illa. **Páx.1**

Outra ocasión perdida, o Concello de Bueu sigue sen solicitar para Ons unha praia con Bandeira Azul, un Sendeiro Azul ou un Centro de Visitantes Azul. Outra ocasión perdida. **Páx. 1**



Mirian Ferradáns dedica o premio Fernandez del Riego aos veciños de Ons. Foto: [lecturafilia.com](http://lecturafilia.com) **Páx. 1**



**ONS NA MEMORIA**  
Jose Luís Barreiro e Fraga xuntos na Illa de Ons nos anos 80. **Páx. 2**



A “Bodeguita del Medio”. Cuba. Onde poderemos atopar ao Gran Tabo se quixeramos velo hoxe. Alí atópase degustando uns “mojitos” e buscando inspiración. **Páx. 6**



A exposición “Ons Soa” da arqueóloga Paula Ballesteros, na sala de cultura Antón Mouzo de Vimianzo. Foto: Ana García. Voz **Páx. 4**



Cesáreo e Pepe de Miro, aunienses que viven todo o ano en Ons. **Páx. 7**



A moto de Cesáreo pasará a formar parte da historia de Ons. **Páx. 7**

## BREVES

- O músico Julián Maeso vive fronte a Illa de Ons. **Páx. 2**
- Revista Vagalume. Illa de Ons II parte. **Páx. 3**
- Recordo a Manu Reiriz. **Páx. 4**
- O Buraco do Inferno, no periódico dixital: [elespañol.com](http://elespañol.com) **Páx. 4**
- Charlas de Parques nos colexios. **Páx. 5**
- Agradecemento á navieira que fai as viaxes a Ons no inverno. **Páx. 5**
- Aparece un marabedí en Cortegada. **Páx. 5**
- Unha idea, sobre o Pazo de Lourizán. **Páx. 6**



## COGOMELOS E EXCURSIÓN MICOLÓXICA A ONS

Estas dúas preciosas Lepiotas foron fotografadas a penúltima semana do mes de xaneiro en Ons. Vistas por un esperto micólogo, comentou o interesante que estes cogomelos saíran no mes de xaneiro o que vén a demostrar a importancia micolóxica que pode ter a Illa de Ons.

No número 40 de Onstopus, xa toquei o tema de que Parques organizara unha excursión micolóxica á Illa, ollo, lúdico-didáctica e, acompañada de expertos, pasear a illa, buscar cogomelos, fotografalos, debuxalos, tomar notas,... e, posteriormente no Centro de Visitantes, poder visualizar esas fotos, comentalas, explicar características,...

Santi Corral, socio fundador da As. Micolóxica Liboreiro de Bueu e bo coñecedor da Illa, lida esa noticia, comentou que non tiña inconveniente, e supoño que algún máis do seu equipo tampouco, en formar parte instrutiva desa excursión si o Parque considérao interesante.

Está claro que non consideraron a idea como relevante.

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/40/onstopus-40-portada.gif>

## BANDEIRA, SENDEIRO E CENTRO AZUL PARA ONS

*O Concello de Bueu vén de presentar a candidatura para acadar as Bandeiras Azuis nos areais e tamén nos centros medioambientais de cara á próxima tempada estival. O consistorio aspira a revalidar o galardón que concede cada tempada estival a Asociación de Educación Ambiental e do Consumidor (ADEAC) para as praias de Lapamán, Portomaior, Area de Bon e Lagos, e por primeira vez para a urbana da Banda do Río. (Faro de Vigo 15-17 de decembro de 2021)*

Comprobamos que un ano máis, a bueuesa Illa de Ons, volve quedar fóra de aspirar a ter unha praia co distintivo **medioambiental** de Bandeira Azul, por obra e gracia da corporación municipal (gobierno e oposición), que só se preocuparán dela, dentro dun ano e pouco, cando haxa eleccións municipais.

Non sorprende a ninguén. Dende sempre o concello de Bueu, agás puntuais actuacións e con distintos grupos políticos ao fronte, deixaron a Ons de lado.

Ben, non dubidaremos en seguir reivindicando para Ons a solicitude deste distintivo para unha das súas praias, pero neste intre, e xa o facía saber no Onstopus nº 31 e 32, polos menos, non debería ser problema, solicitar para o seu Centro de Visitantes o de **Centro Azul**, pois, segundo podemos ler nos requisitos para optar a el, só con que o concello teña unha praia con Bandeira Azul no seu municipio, pode solicitar ese emblema para as diferentes Aulas da Natureza, Centros de Interpretación,..., e Centros de Visitantes, como o de Ons, que haxa no seu municipio, aínda que estea nunha illa.

Coido que esta solicitude non repercutiría nas súas arcas e competencias na Illa, sen embargo, si obrigaría ao Parque, a arranxar mellor e poñer nun funcionamento adecuado a súa Aula en Ons.

Sobre este tema de Centro Azul, mirar neste enlace de Onstopus nº 32, páx. 1:

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/32/onstopus-32.pdf>



## MIRIAM FERRADÁNS

Aínda que un pouco tarde (tivo lugar o 22/12/2021), quero deixar constancia aquí do premio <Periodismo Fernández del Riego> conseguido pola bueuesa Miriam Ferradáns polo seu artigo, publicado en Nós Diario, co título <Dalias> e que dedica aos veciños da Illa de Ons do seguinte xeito: "... onde hai un cemiterio, houbo tribo, comunidade resistencia. Por iso, este Premio é para eles e elas, para a xente da Illa de Ons. Para Cesáreo, para a que son mito e realidade. Por todo o que construíron, constrúen e se que construírán. Son afortunada de vivir preto de persoas que loitan pola súa identidade. Todo o meu respecto e admiración."

[www.my.mtr.cool/iadrugvasy](http://www.my.mtr.cool/iadrugvasy) - Foto: pontevedraviva.com



### ONS NA MEMORIA & SALGADOIRO DE SUXESTIÓNS

Xunto esta fotografía en dúas seccións porque, a carón de ser unha foto histórica tamén me preguntaron, sobre o anterior Onstopus, o por que chameille ao tractor, *-co que me despracei á Limia na procura das patacas-*, “Tractor Patera”.

O motivo deste nome veu dun día que atopándonos varios amigos nun dos bares da Illa, vimos subir pola costa que vén do peirao un tractor da administración cargado de mochilas, supoñemos que do Campamento da Xunta, e sobre elas e aos lados, varios monitores suxeitándoas e vixiando por se caía algunha. Recordo que un dos que estabamos alí, dixo: - Coñó!!! Un tractor patera!!! Cousa que nos fixo tanta graza, que despois o utilizabamos sempre que víamos un tractor cargado.

Na fotografía, de mediados dos anos 80 s. XX, vemos o tractor do Campamento dirixido por Carlos Piñeiro, persoa de mantemento de ditas instalacións, no que ían Don Manuel, o que daquela era Vicepresidente da Xunta Sr. Barreiro, o garda forestal de Ons ao lado do Sr. Fraga e o de garabata, que supoñemos pode ser o daquela Conselleiro de Agricultura, administradora da Illa, Sr. Valenzuela ou, algún político da Consellería de Xuventude que levaba os Campamentos.

Desprazárase ata Galicia o Sr. Fraga e fora de visita a Ons. Aquí vémoslo, no que o noso amigo chamaría un tractor patera, regresando do barrio de Pereiró onde está instalado o Campamento da Xunta.



No Diario de Pontevedra de 28/01/2022 Belén López fai unha reportaxe sobre Julián Maeso, multiinstrumentista toledano, curtido na escena musical española en bandas como The Blackbirds, Speaklow, The Sunday Drivers, The Sweet Vandals, e participando como músico en xiras de M-Clan e Quique González, que este inverno decidiu instalarse nunha pequena casa en San Vicente do Mar, tendo a praia da Barrosa por un lado e a Illa de Ons de fronte da que di: *"Siempre ha ejercido una especie de atracción sobre mí esta isla. Tiene algo enigmático"*.

Un toledano vén a contarnos a importancia de Ons dentro do seu mundo espiritual. Que teña unha boa estancia e que a Illa ilumine a súa música.

# A illa de ONS

## A XENTE

Casi tódolos homes teñen un alcume: O Calviño, o Piscán, o Fentos, o Galleta, o Cachote, etc.  
Os nenos teñen conta do gando e axudan ós seus pais na pesca e nos traballos da terra.

A xente é leda en contra do que se tiña de que eran tristes e pechados.  
Os homes érguense de noite e vanse ó mar; ó volveren traballan a terra.

A maior riqueza da illa é o polbo ou pulpo que pillan de tres xeitos, sempre coa dorna: á vista, cando fica enriba dos penedos na baixamar entón cóllese cun largueiro de piñeiro no que vai unha brinca grosa que o apaña ó esta-lo polbo a pastar nos mexilóns; tamén se pesca á liña e ó bicheiro.

## SUPERSTICIONS

As supersticións é algo que está moi fondo na xente da illa.

Adoitaban a levar un dente de allo, as mulleres, contra o mal de ollo.

As preñadas pra que desocuparan logo e ben, berrábanlle, batíanlle, e poñíanlle na testa un pucho de home. Pra curaren a eirisipela, lavan a cara con sangue de cresta de galiña. Pra tiraren unha espulla, espichan unha babosa e déixana secar enriba da espulla, mais nun ano o doente non deberá pasar por onde foi topada a babosa que o curóu. Cando un neno se poñía doente, enxoufábano de óleo. Prá dor de cabeza, poñen na testa cataplasmas de allo machacando con sal ou patacas crúas mondadas.

Cando entre moitos que pescaban un non collía nada, éste cre que ten a súa dorna enmeigada; entón de noite ia á praia bareala cunha xesta hastra que cansaba.

Na illa existía hai xa moitos anos a enfermidade da lepra. Esta doenza coidaban eles que se curaba pasando a man dun agonizante pola testa do doente.

Fálase tamén de que se ten ollado a Santa compañia.

## XANTARES

Os xantares máis enxebres da illa eran:

A compota. Bátense ovos, bótase galleta de pantrigo picada, fariña, zucre, cravo, comino, canela, pementa e outras especias, unha cebola picada con prixel e touciño e rustrido e máis un pouco de néboda. Ponse todo nunha caldereta e métese no forno a cocer, co forno ben quente hastra que quede duro. Logo córtase como se fora pan. Só se xanta no Antroido e na Páscoa.

Outros pratos son as filloas e o bandullo; pa éste ponse a sala-lo bandullo do porco e logo, no antroido, énchese de compota moi cargada de ovos, métese no forno e déixase cocer hastra que quede como un queixo. Cómesse cortado ás rebanadas, e gusta tanto que na illa din:

*o peres-peres a mailo bandullo,  
fan unha festa no cabo do mundo.*

## AS FESTAS

Compre salientar cómo era antes a festa da Páscoa:

De mañá, en cada fogar ponse a mesa, con manteles brancos e moita compota, galleta, porco, figos, galiñas e máis resoleos e viños.

Despóis da mediodía van chegando os compadres e non falla ninguén pois sería unha grande ofensa prá casa. O compadre trae un pano branco colleito polas catro puntas e gardando nel un roscón pró afillado, e se non un bolo de pantrigo. Entrega o roscón e pasa á cociña: se o afillado é moi cativo e non pode colle-lo regalo, este déixase na mesa. Séntase nela o compadre e come e bebe de todo o que haxa, na compañía da familia que lle dá conversa, mais non come con el. O orgullo da casa é, ó chega-la noitiña, te-los manteles todos pingados de viño.

De noite faise a festa na taberna: os mozos beben e ofrecen viño ás rapazas que non aceptan, mais na galanteira disputa déixanse luxar de viño pra amostrar na saída como foron tentadas a beber.

Hoxe hai unha festa moi importante na illa, a de San Xaquín, festa dun grande significado prá xente, prá que cada casa dá de 3.000 a 5.000 pesetas.

*Mórrome pol-a peneira,  
mórrome por peneirar;  
mórrome por ter amores  
na outra banda do mar.*

*Eu pasei por Camariñas  
por Camariñas cantando;  
as nenas de Camariñas  
quedan no río lavando.*

*Ao pasar as illas de Ons  
acórdacheme meniña,  
agora que van pasadas  
coma si nunca che vira.*



H  
e  
m  
e  
r  
o  
n  
s  
t  
e  
c  
a



Unha enorme aperta aos pais e a toda a familia de Manu Reiriz, aunienses onde os haxa. Manu era gran futbolista, bo percebeiro e mellor persoa. Que pase dunha vez esta mala racha para os veciños da Illa de Ons!!!

Foto: Diario de Pontevedra

# ONS SOA

Unha exposición de Paula Ballesteros-Arias  
Do 31 de xaneiro ao 1 de marzo de 2022  
Sala de exposicións "Antón Mouzo" - Casa da Cultura (Vimianzo)



A exposición fotográfica "Ons Soa" da arqueóloga Paula Ballesteros que se inaugurou por primeira vez no Museo do Pobo Galego, logo estivo durante o mes de agosto 2021 no Centro de Visitantes da Illa de Ons e agora estase a expoñer na Casa de Cultura de Vimianzo.

Os meus parabéns para Paula polo traballo que levou a cabo na Illa desde 2008 co descubrimento da salga de Canexol, polos traballos posteriores sobre as demais illas do Parque e polo seu magnífico traballo antropolóxico en iBook "Ons: unha illa habitada".


Só queda esperar que o traballo que comezou en Ons teña continuidade.

No periódico dixital, elespañol.com, do 21/01/2022 a periodista Thalia García fai unha reportaxe sobre a Illa de Ons centrándose no Buraco do Inferno, co título: *O Burato do Inferno, un lugar entre mitos y leyendas en la isla de Ons.*

Do que comeza comentando: "Ubicado en el extremo sur, este espectacular mirador y agujero conforman uno de los principales atractivos turísticos de la isla, siendo según el relato popular un punto de entrada al Infierno"

Incrible, e non me cansarei de repetilo, que sexan persoas de fóra de Galicia as que dan a coñecer a importancia da Cultura Popular desta Illa e, sen embargo, tanto as administracións como os investigadores galegos, téñena esquecida en investigación etnográfica, sendo esta característica da cultura auniense a que se está perdendo a pasos de xigante.





As illas teñen unha interesante historia que contar

## SEN ÁNIMO DE CRÍTICA. CHARLAS DO PARQUE NOS COLEXIOS

Un compañeiro lector faime chegar un vídeo que elaboraron os rapaces dun colexio da provincia de Pontevedra do resultado da visita que realizou o Parque á súa escola onde lles faláron das peculiaridades do Parque Nacional das Illas Atlánticas.

Dicir que a actividade considéroa moi interesante e ilustrativa para dar a coñecer as características do Parque en xeral, e deberían ofrecer esas charlas a colexios de toda Galicia, en especial do interior, que quizais teñan menos posibilidades de percibir o que é un Parque Nacional marítimo como o que temos en Galicia.

Pero, ao que ía, é que no vídeo vense, nas diferentes diapositivas da pantalla da sala, só temática biolóxico-natural e nas láminas que despois están a visualizar os rapaces, tamén comprobamos que só está representada a fauna e a flora das illas.

Quizais, ao longo da charla, tamén se lles falou e puxeron diapositivas da historia, das lendas, das supersticións, os topónimos, da vida nas illas, das tradicións,..., e non saíu reflectido no vídeo que elaborou o colexio, por iso quero pedir desculpas anticipadas se foi así. Pero, de non ser, penso que deberían axustar mellor esas charlas e que todas as peculiaridades das illas: históricas, etnográficas, antropolóxicas, sociais e naturais, sexan explicadas nas diferentes actividades que organiza o Parque.

De novo dicir, que non é unha crítica contra o labor que desenvolve o Parque, senón unha **suxestión** para que non queden no esquecemento, se é que non se fai, outras características das illas que non sexan as Naturais.

Foto: Laxe do Crego. Illa de Ons

## SALGADOIRO DE SUXESTIÓNS AGRADECEMENTO

Un lector, vinculado á Illa, faime chegar este comentario: "... quero propoñer un agradecemento á navieira que está facendo viaxes a Ons en inverno e enviando mensaxes avisando que o venres hai barco, que volve o domingo ou o luns e, ás veces, tamén algún día pola semana. Sei que é porque teñen obras e hai que levar material e aos obreiros, pero é todo un detalle que avisen para que os veciños e outra xente, podan achegarse nunha época distinta ao verán.

Dígoo por ver se hai algún xeito de que estas viaxes queden de forma permanente e así os veciños podan ir a Ons durante todo o ano, abrir as súas casas, limpar,... Se coidas que pode ser de interese, fai chegar este agradecemento xa que sei que Onstopus envíalo a moita xente e estes, como fago eu, reenvíámolo a outros amigos. Gracias."

Prezado lector, aquí a túa mensaxe que considero interesante, sobre todo, na súa última parte, pois unha illa habitada pertencente ao único Parque Nacional que hai en Galicia, as administracións, en especial o Concello de Bueu, deberían buscar as fórmulas para que Ons tivera, polo menos, un barco de fin de semana durante o inverno, loxicamente, sempre que as condicións do mar e meteorolóxicas permitíranlo.

Iso daría pé a que os veciños se animaran a ir e ter as casas en perfectas condicións, que máis aunienses se animaran a quedar máis tempo na Illa e fomentar a agricultura e ata a gandaría, que houbera máis servizos,...

Pero creo que a Consellería de Medio Ambiente non está por ese labor, non quere aos veciños en Ons, e o concello nin arre nin xo, como se non existira. No seu día propuxemos ideas para que Ons volva a ser unha illa habitada todo o ano: "**Ons, unha Illa agrícola-mariñeira I, II**"

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/25/onstopus-25.pdf>

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/26/onstopus-26.pdf>



Aquí temos a Isa que xunto ao seu home, Pepe de Miro, viven todo o ano na Illa. Este ano, grazas ao barco que realiza esas viaxes de fin de semana, poden abastecerse do material necesario para pasar o duro inverno en Ons. Aquí a temos preparando uns chourizos coa carne de porco que lle enviaron de Bueu. Moitos aunienses tamén pasarían longas tempadas na Illa se houbera un barco polo menos os fins de semana.

## ARQUEOLOXÍA

Seguimos apostando pola necesidade de estudos serios, técnicos e realizados por especialistas, da historia e arqueoloxía das Illas que conforman o Parque Nacional.

Este achado foi realizado por un, supoño, visitante, que a entregou aos responsables do Parque e estes, á súa vez, á Consellería de Cultura para o seu estudo.

É necesario un mellor contacto entre as Consellerías de M. Ambiente e Cultura para que a historia, arqueoloxía e a etnografía das illas, xunto coa humana, non quede no máis triste dos esquecementos.

Repito, no Parque, non todo é fauna e flora.



Marabedí atopado en Cortegada. Fotos Parque Nacional.

# O "GRAN TABO" MARCHOU PARA CUBA



Si, despois de dous anos sen poder pasar alí o seu período vacacional por causa da Covid e visto que os seus artigos na revista AUNIOS fraqueaban un pouco de perspicacia, decidiu ir coller inspiración á illa caribeña.

Este pasado verán pouco visitou Ons. As partidas de dominó perderon un punto importante e as noites aunienses, máis aínda. Necesitaba coller folgos e non o dubidou. Tiña moi seguro que na "Floridita" e na "Bodeguita del Medio" ía atopar o bálsamo adecuado que necesitaba para, neste próximo verán, seguir sendo o <number one> da noite auniense.

Tabo, xeonllo en terra, dirixindo e animando unha despedida de solteira no, chorado, chiringuito de Area dos Cans en Ons. Acompañábao Pepe de Vigo.



A "Bodeguita del Medio", situado no lugar máis turístico da Habana Vieja.

Moitas horas pasa recreándose cos mellores "mojitos" do mundo, escoitando música e na procura de estímulos.

Non cabe dúbida que é o seu lugar preferido e visita o seu restaurante a miúdo onde saborea os pratos típicos cubanos, case sempre, moi ben acompañado...



"El Floridita". Aquí o "Gran Tabo" saborea uns daiquiris que meten medo e conseguiu que, xunto a frases e sinaturas de xente importante que a visitou, tamén el puxera a súa; e mesmo onde Hemingway escribira: "Mi mojito en La Bodeguita, mi daiquirí en El Floridita", Tabo escribiu: "E os meus Pichinaquis, no Checho na Illa de Ons".



O Gran Tabo ía buscando inspiración e alí atopou as súas musas, xunto cos *mojitos* e os *daiquiris*. Agora de incógnito co pseudónimo de "Tabhoeminguai", dedica a maior parte do seu tempo a escribir a que será a súa obra mestra "*Cesáreo e o mar*" situando a acción entre a illa caribeña e a súa illa de Ons.



Este Pazo tamén pertenceu a Francisco Genaro Ángel, personaxe moi ligado á Illa de Ons cando en 1810 decidiron a súa fortificación.

## UNHA IDEA

Que xa dimos en Onstopus 42, onde pedíamos que este Pazo se convertera nun Centro de Interpretación das Illas da Ría de Pontevedra, entre as que está a de **Ons**, pertencente ao único Parque Nacional galego e a de **Tambo** que pertenceu a Eugenio Montero Ríos que á súa vez era dono do Pazo de Lourizán.

Aproveitando que o TSXG di que a Xunta está obrigada a realizar as obras necesarias de restauración deste deteriorado edificio, sería un bo momento para, con diálogo, buscar axudas tamén na Deputación, Parques Nacionais,..., en Europa para crear nel, aínda que non ocupe todo o edificio, o Centro de Interpretación das Illas da Ría de Pontevedra.


# HAI AUNIENSES QUE TAMÉN VIVEN NO INVERNO NA ILLA DE ONS

Como xa teño explicado, despois da emigración forzosa á que se viron abocados, houbo aunienses que decidiron vivir en Ons todo o ano. Así era o caso dos matrimonios: Checho e Elvira en Curro, Emilio e Chefa no Cucorno, o seu irmán Cesáreo e Vitoria en Pereiró e Rogelio e María en Curro alto. Outros viñan en primavera e quedaban ata que os barcos de pasaxe deixaban de funcionar a finais do mes de setembro; e unha gran maioría viñan nos meses de verán, polo que Ons nunca estivo deshabitada por completo, senón que a falla de servizos, sobre todo de transporte con terra para funcións básicas e, dende logo, un porto da abrigo para os barcos pesqueiros, forzou a situación, facendo que os máis mozos só preferirán vir no verán.

Pero, os anos non pasan en balde, e eses aunienses de todo o ano fóronse indo e, cando parecía que a Illa ía quedar baleira no inverno, houbo quen colleu a testemuña, aínda que acostumados á vida en terra, parecía difícil que iso ocorrera e, capitaneados por Cesáreo e Vitoria, pasaron a vivir Pepe de Miro no Caño e Rosiña en Pereiró.

Hoxe, por desgraza, fóisenos Vitoria, co que a presenza de Cesáreo faise máis complicada dependendo das súas fillas pero, sen embargo, Pepe de Miro e a súa muller Isa, e Rosiña, aí están. A Illa non queda baleira de veciños no inverno. Este inverno 2022, que máis parece primavera, debido ao tempo solleiro que temos, tamén animáronse outros aunienses como Juan Reiriz e Chefa en Curro alto, Arturo Goberna e a súa muller en Canexol, e Chefa a viúva de Emilio en Cucorno que, como tería que ser, aproveitan para realizar faenas agrícolas.

Esperemos que isto non sexa puntual e que os aunienses, que podan facelo segundo o seu traballo e vida familiar, gocen do paraíso que aos seus antepasados moito lles costou levantar e que os políticos queren arrebatarlles.



Como podemos comprobar Pepe de Miro e Isa non se aburren na Illa. Pepe cuida da súa egua Careta. Isa comproba a comodidade e capacidade do novo transporte insular, do que din, é descapotable e ecolóxico e, de cando en vez, co fin de ter algo de peixe que levarse a boca, non dubidan en coller unhas boas fanequiñas. Que máis podemos pedir para unhas persoas que aproveitan a súa xubilación.



**Sistema de frenado y antirrobo.** Ingenieros de medio mundo se rebanan los sesos para dotar a los coches de los mejores sistemas de frenado y antirrobo, sin darse cuenta de que la solución la tenían los siempre ocurrentes vecinos de Ons. Y es que no hay como atar un ancla a una moto para dejarla aparcada en una pendiente con total tranquilidad. A ver quien es el guapo que se la lleva por el morro.

Ana Sas

Fotos no recordo.